



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO PARA O FINANCIAMENTO DURANTE O ANO 2021 DE PARTE DOS SEUS GASTOS CORRENTES, DAS ACTIVIDADES CULTURAIS E OUTROS GASTOS DE CAPITAL**

Santiago de Compostela,

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en virtude do seu cargo de conselleiro para o que foi nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Doutra, D. Justo Beramendi González, na súa condición de presidente da Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego, en nome e representación da entidade.

Ámbas as dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de colaboración e por tanto,

### **EXPOÑEN**

**Primeiro.** Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19 do Estatuto de Autonomía, consonte co estipulado no artigo 148.1.17 da Constitución Española. Dentro deste ámbito de competencias, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade vén desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación e promoción da cultura e para achegar o máis posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

**Segundo.** Que o Padroado do Museo do Pobo Galego é unha entidade de utilidade pública, de carácter cultural, legalmente recoñecida, que ten como fins fundamentais a investigación, estudo, difusión, conservación e defensa da nosa cultura nas súas diversas manifestacións, encadrándose na definición de museos de interese para Galicia, contida no artigo 1 do Decreto 314/1986, de 16 de outubro, polo que se regula o sistema público de museos da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Terceiro.** Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dentro dos seus ámbitos de competencias, amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección, promoción e divulgación do patrimonio cultural galego.

**Cuarto.** Para tal efecto, e dado o interese coincidente de ámbas as dúas partes, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e o Padroado do Museo de Pobo Galego, coñecedoras da importancia que ten a colaboración mutua en materia de conservación e promoción do noso patrimonio cultural, subscriben o presente convenio conforme ás seguintes





## CLÁUSULAS

### Primeira: Obxecto

É obxecto do presente convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Padroado do Museo do Pobo Galego, a colaboración para o financiamento durante o ano 2021 de parte dos seus gastos correntes de funcionamento, así como a realización de actividades culturais, investimentos e outros gastos de capital recollidos no Programa de Actividades que se acompaña con este convenio.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta subvención non é posible promover a concorrência pública, por canto o Museo do Pobo Galego, en virtude do *Decreto 111/1993, do 22 de maio, polo que se recoñece ao Museo do Pobo Galego como centro sintetizador dos museos e coleccións antropolóxicas de Galicia*, é considerado como cabeceira espiritual e simbólica da rede de museos antropolóxicos de Galicia e ten recoñecida a competencia para actuar como centro sintetizador de todos os museos e coleccións, públicos e privados, integrados no sistema galego de museos dedicados ao estudo, promoción e difusión do patrimonio histórico-antropológico de Galicia. Dado o seu marcado carácter singular, no estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 recóllese unha subvención a favor do Padroado do Museo do Pobo Galego.

### Segunda: Financiamento e réxime de compatibilidades

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia contribuirá, con cargo aos vixentes orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2021, na seguinte contía por aplicación orzamentaria:

|                     |                     |
|---------------------|---------------------|
| - 10.40.432A.481.1: | 231.800,00 €        |
| - 10.40.432A.781.1: | 300.000,00 €        |
| Total:              | <b>531.800,00 €</b> |

Será compatible a percepción doutras axudas para o mesmo proxecto sempre que, illada ou en concorrência con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, non supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

### Terceira: Obrigas do beneficiario

O beneficiario comprométese a:

Contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos, de acordo coa lexislación de contratos do sector público, na medida na que resulte de aplicación.





Executar, no prazo de vixencia do presente convenio, as actividades obxecto da mesma e non alterar o destino da achega

En todo o material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto, incluírase a imaxe institucional da Xunta de Galicia, como entidade subvencionadora.

A efectuar a xustificación de gasto na forma preceptuada neste convenio.

O beneficiario está obrigado a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O beneficiario consente expresamente a inclusión dos datos relevantes desta subvención nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei de subvencións de Galicia.

O beneficiario deberá dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

No caso de Fundacións de Interese Galego, de acordo co artigo 38.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, será requisito indispensable atoparse ao día no cumprimento das obrigas de presentación das contas do padroado, o cal se acreditará cunha declaración responsable do órgano competente da entidade, segundo o modelo que se xunta como Anexo III.

Comunicar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

Deberá acreditar estar ao corrente de pago das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

A aceptación desta subvención implica, de ser o caso, a autorización á Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e outras Normas Tributarias, e demais disposicións de aplicación.





Admitir as inspeccións e controis que establezan os servizos técnicos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

Ademais son obrigas do beneficiario todas as establecidas polo artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia.

#### **Cuarta: Comisión de seguimento**

Noméase unha comisión mixta de seguimento e control integrada por dous membros de cada unha das dúas partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

#### **Quinta: Xustificación dos gastos**

##### **a) Gastos subvencionables**

Considéranse subvencionables os gastos que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de vixencia do convenio. Serán admisibles os **gastos realizados dende o 1 de xaneiro do 2021 ata a data límite de vixencia do convenio.**

Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

De acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo máximo de xustificación.

##### **b) Documentación a presentar**

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia-Carpeta do cidadán da persoa beneficiaria/representante (<https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan> - código do procedemento PR004A).

Para a percepción da axuda será necesario presentar electronicamente ante a Secretaría Xeral de Cultura a seguinte documentación:





Unha memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste acordo, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

Unha memoria económica, asinada polo órgano competente da entidade, xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

Unha relación clasificada dos gastos e investimentos, segundo o modelo que se xunta como Anexo I.

As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Extractos ou certificacións bancarias acreditativos do pagamento das facturas que forman parte da conta xustificativa. No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. Para gastos de escasa contía, por importes inferiores a 1.000,00 €, a xustificación do pagamento poderá realizarse mediante “recibín” do proveedor, no que figure o seu nome ou razón social completo, DNI ou CIF e data de pagamento.

Declaración de axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique entidade concedente, data e importe total concedido (Anexo II).

Declaración responsable de que se cumpren todos os requisitos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario.

No caso de edición de material gráfico achegaranse mostras impresas.

Dossier de prensa das actividades realizadas.

O beneficiario/representante responsabilizase da veracidade dos documentos que presente. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

c) Prazo para a xustificación dos investimentos

O prazo máximo para a presentación da xustificación dos investimentos coincidirá co do período de vixencia do convenio.

d) Pagamento da subvención

O pagamento da subvención realizarase unha vez comprobada a xustificación presentada e a realización do proxecto para o cal se concedeu. O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.





Cando se advirta un exceso de financiamento da actividade subvencionada, respecto do custo do proxecto, a consellería de Cultura, Educación e Universidade efectuará a dedución polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por ela.

e) Pagamentos a conta

Poderanse realizar pagamentos á conta. Os ditos pagamentos á conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada ata a porcentaxe do 80% do importe subvencionado (425.440 €). Esta porcentaxe por aplicación orzamentaria quedaría do seguinte xeito:

10.40.432A.481.1: 185.440,00 €

10.40.432A.781.1: 240.000,00 €

A contía restante, ata acadar o 100% da axuda concedida, aboarase logo de xustificar a realización das actividades subvencionadas na súa totalidade.

f) Réxime xeral de garantías

O artigo 65.1.b) do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados.

O artigo 67.4 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia establece que o Consello da Xunta poderá eximir da obriga de constituír garantías. Neste suposto o beneficiario estaría exento da obriga de constituír a garantía prevista no artigo 65.1.b)

g) Efectos da falta de xustificación

Transcorrido o prazo de xustificación establecido no apartado c) da cláusula quinta, sen se ter presentado esta, a Secretaría Xeral de Cultura requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente segundo o previsto no artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A falta de presentación da xustificación dos investimentos no prazo establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009 comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención. De producirse esta situación, deberá aplicarse o disposto nos artigos 28.10 e 33 da Lei de subvencións de Galicia e, en consonancia con estes artigos, os que correspondan, de acordo co disposto nos artigos 54, 55, 56 e seguintes da dita lei.

**Sexta: Facultades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade**

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.





A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, non asume máis obriga que a de achegar a cantidade prevista nesta resolución. A concesión desta subvención non leva consigo por si soa relación contractual ningunha cos profesionais que realicen as actividades obxecto da mesma.

#### **Sétima: Período de vixencia**

A vixencia deste convenio será dende o día da súa sinatura ata o **15 de decembro de 2021**.

#### **Oitava: subcontratación e reintegro**

A entidade beneficiaria poderá subcontratar totalmente a actividade. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Considérase subcontratación a concertación total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención; quedan fóra deste concepto os gastos nos que ten que incurrir a entidade para a realización de seu da actividade subvencionada.

En todo o non previsto expresamente nesta cláusula para a subcontratación, estarase ao disposto polo artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia e no artigo 43 do seu regulamento.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

#### **Novena: Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas, e polo tanto, recibir notificacións por canles electrónicas as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa administración e os empregados das Administracións Públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>). Este sistema remitirá á persoa interesada avisos da posta a disposición das notificacións ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo electrónico que se facilite. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación por medios electrónicos entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.





Se o envío da notificación electrónica no fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### **Décima: Publicidade**

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio comunicárase á Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### **Décimo primeira: Réxime xurídico**

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Ademais será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non solventadas en vía administrativa, será resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

#### **Décimo segunda: rescisión do acordo**

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

En proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Educación e  
Universidade

O presidente do Padroado do Museo do  
Pobo Galego

Román Rodríguez González

Justo Beramendi González





**Anexo I**

**MEMORIA ECONÓMICA DO CUSTO DAS ACTUACIÓNS**

D/Dña \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_, en nome e representación da

entidade \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_

**DECLARA**

Que os gastos que de seguido se relacionan, teñen relación directa coa subvención nominativa  
outorgada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade para

\_\_\_\_\_

| Acreedor               | Nº fra. | Data fra. | Descrición | Importe | Data pago |
|------------------------|---------|-----------|------------|---------|-----------|
|                        |         |           |            |         |           |
|                        |         |           |            |         |           |
| Suma dos investimentos |         |           |            |         |           |

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

Sinatura





## ANEXO II

**DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.**

D/Dña \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_, en  
nome e representación da entidade \_\_\_\_\_, con  
CIF \_\_\_\_\_

### DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

**A)** Que para a seguinte actuación \_\_\_\_\_, a  
devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

#### AXUDAS CONCEDIDAS

| ORGANISMOS | ANO | IMPORTE (€) | DISPOSICIÓN<br>REGULADORA |
|------------|-----|-------------|---------------------------|
|            |     |             |                           |
|            |     |             |                           |

#### AXUDAS SOLICITADAS

| ORGANISMOS | ANO | IMPORTE (€) | DISPOSICIÓN<br>REGULADORA |
|------------|-----|-------------|---------------------------|
|            |     |             |                           |
|            |     |             |                           |

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

**B)** Que non se atopa incursión/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

\_\_\_\_\_, \_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2021





### ANEXO III

D/Dña \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_, en nome e representación da  
entidade \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_

### DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que, de acordo co artigo 38.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, se atopa ao día no cumprimento das obrigas de presentación das contas do padroado.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

Sinatura





## ANEXO IV

### AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN RELATIVA ÁS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO ESTADO, COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E COA SEGURIDADE SOCIAL.

Don/dona:

con enderezo

DNI núm.

en nome propio/en representación de

con CIF núm.

(cumprimentar o que proceda)

AUTORIZA á Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado así como coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos e garantía dos dereitos dixitais e no Real decreto 1720/2007, do 12 de decembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento, e a disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

\_\_\_\_\_, \_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2021

**Sinatura**

